



PLAN DIXITAL

CPR PLURILÍNGÜE MONTEGRANDE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Colexio Plurilíngüe Montegrande

Dirección: Avda Nova Iork 172, 15008 A Coruña.

Email: cpr.montegrande@edu.xunta.gal, info@colegiomontegrande.es

Web: www.colegiomontegrande.es

Etapas Educativas: Desde 4º EI a 2º de Bach (1 liña).

Alumnado: 317

Mestres: 28

PAS: 9

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Os centros educativos formamos parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos debemos dar resposta a esas necesidades e demandas da sociedade para poder formar cidadáns de futuro cas competencias necesarias para desenrolarse nun entorno dixitalizado. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, dende as relacionadas cas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible.

A educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida das comunidades e persoas. Así, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que a súa vez permitan aproveita-las oportunidades.

Por outra parte, as organizacións educativas temos a necesidade de revisar as nosas estratexias co obxectivo de mellorar a nosa capacidade para promove-la innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais.

Mediante o presente plan pretendemos:

- Avaliar a situación do noso centro educativo con relación o uso da innovación e as TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender o proceso de transformación no centro.
- Recoñecer este Plan Dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o noso centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se somos unha organización dixitalmente competente.

- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Colexio Plurilingüe Montegrande formou o Grupo de Traballo para a elaboración do PD do centro seguindo as recomendacións dadas e ditadas pola Disposición adicional quinta da *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022* e a *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022* din que "Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten por parte da Consellería e Educación da Xunta de Galicia".

O *artigo 121 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación* indica: "O proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5" que indica que "As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe".

1.4. Proceso de elaboración

A organización do Colexio Plurilingüe Montegrande para a elaboración do Plan Dixital foi a seguinte:

Directora do Centro: María Vázquez.

Coordinador PD: Sergio Freire.

Outros membros: Juan Carlos Navarro e César Fernández (Plan TIC).

Constitución do Grupo de Traballo para a creación do Plan Dixital do Colexio Plurilingüe Montegrande, asesorados por Belén Cotón. Fixemos o test SELFIE a finais do 1º trimestre con tódalas partes implicadas (primaria, Eso, Bach), durante o segundo trimestre o profesorado fixo o test CDD, despois de dúas sesións de docencia cos equipos de relatores concretamos o DAFO e tamén o Plan de Acción, finalmente, decidimos o xeito de preparar a elaboración do presente plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Colexio Plurilingüe Montegrande está dotado con rede de fibra óptica de alta velocidade (600Mb), dispón de 2 liñas RDSI nunha centralita dixital e de 2 liñas máis de voz, hai 5 puntos de conexión wifi que ofrece unha cobertura superior ao 85% das aulas, todo centralizado nun rack de comunicación.

Administración:

- Dous equipos de sobremesa con SO Windows.
- Dúas impresoras/escáner láser conectadas en rede a través da wifi interna do centro, unha B/N e outra a cor.

Para a docencia:

- Hai 17 aulas equipadas con proxector e 11 delas con pantalla táctil interactiva e con equipo de son, ademais unha delas tamén con TV e equipo de son.
- Na aula de tecnoloxía hai 16 ordenadores portátiles e 9 ordenadores de sobremesa todos eles con SO Linux.
- Na aula de informática hai 14 equipos de sobremesa con SO Windows e outros 8 equipos de reserva.
- Hai un armario de carga de portátiles con 13 equipos con SO Chrome.
- Para o profesorado hai 3 ordenadores portátiles con SO Windows só se usan ante unha emerxencia xa que todos prefiren usar o seu equipo persoal.

Biblioteca:

Está equipada cunha pantalla táctil interactiva, equipo de son e ordenador de sobremesa con SO Windows para o seu uso en charlas, talleres ou cursos de formación. Un equipo de sobremesa con SO Windows co programa MEIGA para busca, catalogación e préstamo de libros e dous equipos de sobremesa con SO Windows co programa MEIGA a disposición do alumnado para a busca de libros no catálogo da biblioteca.

Outros equipos:

O colexio Plurilingüe Montegrande ten un equipo de son autopotenciado, con 2 altosfalantes de 300W con pedestal, 2 micrófono de condensación, 2 inalámbricos e 2 inalámbricos de petaca, todo este equipamento úsase en eventos, talleres, formacións ou festas internas.

Servizos Dixitais Educativos:

- Plataforma de xestión cas familias chamada Xesta.
- Plataforma educativa entre o alumnado e o profesorado a través do servidor moodle.colegiomontegrande.es

Mantemento:

As incidencias externas de voz e datos están cubertas polo SAT de Movistar.

As impresoras teñen o mantemento ofrecido polo SAT oficial da casa proporcionado a través da empresa técnica VSM.

Dous Telecom proporciona o mantemento da centralita, das liñas de voz e tamén do rack de telecomunicacións con tódolos equipos de internet, wifi e rede interna.

As pequenas incidencias do día a día cos equipos ou problemas de software e configuración resólvense ca intervención dos membros do equipo TIC.

CURSOS	MEDIDAS PREVISTAS NO PLAN DE CONTINXENCIA
EI	-Habilitación do contido dixital das editoriais -Envío de material audiovisual para traballar os contidos do curso. -Videochamadas de seguimento ao alumnado e as familias
1º-2º EP	-Uso da plataforma educativa Moodle para o envío semanal de tarefas -Comunicación semanal na hora de titoría cas familias e o alumnado a través da web "Jitsi.org" -Uso da plataforma educativa Moodle para o envío e recepción diario de tarefas, avances, actividades.
3ºEP-2ºBACH	-Explicación dos contidos mediante vídeos, presentacións, esquemas, resumos e/ou videochamada. -Corrección dos traballos e actividades entregados polo alumnado -Comunicación periódica cas familias e co alumnado a través de videochamadas, correo electrónico ou chamada telefónica. -Seguimento diario do traballo do alumnado e coordinación do mesmo ca familia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Análise SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,5	3,6	4,4		
	Profesorado	3,4	2,8	2,5		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7	3,6	4,3		
	Profesorado	2,8	3	2,1		
	Alumnado	3,4	2,7	2,3		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,8	3,8	4,4		
	Profesorado	3,9	3,6	3,6		
	Alumnado	4	2,9	3		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3	3,6	4,8		
	Profesorado	2,9	2,5	1,7		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5	4	4,9		
	Profesorado	3,7	3,3	3		
	Alumnado		3,5	3,4		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5	3,4	4,7		
	Profesorado	3	2,7	2		
	Alumnado	3,7	2,5	2,6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3	3,8	4,4		
	Profesorado	2,5	2,2	2		
	Alumnado		2	1,9		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,6	4,6	4,4		
	Profesorado	3,4	3,2	3,1		
	Alumnado	4	2,8	2,9		

Test de Competencia Dixital Docente (test CDD):

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>18</u>	<u>29</u>	<u>62,1%</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>62,6</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>94,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO	<u>48,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>61,8</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>11,1%</u>
A2	<u>10</u>	<u>55,6%</u>
B1	<u>5</u>	<u>27,8%</u>
B2	<u>0</u>	<u>0%</u>
C1	<u>0</u>	<u>0%</u>
C2	<u>1</u>	<u>5,6%</u>
TOTAL	<u>18</u>	<u>100,00%</u>

Outras fontes:

Para a elaboración da análise DAFO empregamos ademais do SELFIE e do Test CDD as inquietudes e necesidades que nos expresou o equipo de profesorado nos diferentes claustros e tamén as peticións do alumnado a través das titorías desenroladas nas aulas unha vez a semana.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C7 Sistemas de protección de datos. C5 Asistencia técnica ante problemas ca tecnoloxía. C8 O alumnado pode usar ordenadores (primaria) e todo o profesorado ten unha boa conexión a internet C3	C3 Falta de uso de internet nas aulas (ESO e BACH) O centro dispón dunha rede WIFI de alta capacidade en tódolos espazos con SAT remoto e presencial.
	PERSOAL DOCENTE	E1 Noso profesorado busca recursos en internet. G1, G3, G5, G6 Usamos as tecnoloxías dixitais con alumnado (primaria).	F1, F3, F4, F5 Non se utiliza a aprendizaxe dixital (ESO e BACH). DPC insuficiente (D1-D2-D3) profesorado ESO-BACH. B3 nula colaboración dixital con outras entidades.
	PERSOAL NON DOCENTE	PAS apoian totalmente a xestión do Equipo Directivo.	
	ALUMNADO	H1 H3 Actúan de maneira responsable e segura na internet.	H8 Non aprendemos a utilizar a tecnoloxía para comunicarnos.
	FAMILIAS	96% das familias forman parte da ANPA	
	OFERTA	Biblioteca escolar inscrita no PLAMBE e pertencemos ao plan LÍA Centro plurilingüe Comedor con cociña propia Plataforma propia XESTA de xestión integral cas familias	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O Equipo Directivo facilita que o profesorado realice cursos de formación e que accedan a adquisición de tablets ou ordenadores para o seu uso na aula, sen custo para eles.	O profesorado de ESO/BACH non usa tecnoloxía dixital na aula. A1, A2 Non hai estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Ofertar mellor formación ao profesorado	Programas anticuados, pouco efectivos, non operativos XADE, ABALAR O equipo que envía é anticuado e dun uso moi limitado
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Entorno natural único	Falta de beirarrúas e iluminado público no acceso o centro.
	ANPA	Mellora do parque infantil Merca de material deportivo Merca de equipamento informático Charlas para as familias Implicado ca Dirección do centro	Pouca resposta das familias as iniciativas do ANPA
	OUTRAS ENTIDADES	Creación de canles e axuda co profesorado de outros centros (B)	Non hai colaboración con outras organizacións (B3)

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións



Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Desarrollo Profesional continuo (D)						
1. OBXECTIVO (1):	Establecer un equipo de mestres para a elaboración, xestión e seguimento do PDC. Necesidades DPC (D1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de persoas implicadas na EPD					
Valor de partida (3)	Equipo Directivo					
Valor previsto e data (4)	1 mestre por etapa			22 Decembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reunión do Claustro para falar da importancia do PDC	- Dirección	2 Setembro 2022	- Convocatoria claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Asignación dunha hora no horario lectivo do profesorado para explorar a ensinanza dixital e mellorar a súa CD	Dirección	8 Setembro 2022	- Aceptación da Inspección Educativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino en relación ca dixitalización das aulas	- Xefatura de estudos	22 Decembro 2022	- CFR - Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional continuo (D)						
1. OBXECTIVO (1):	Solicitar curso de uso e utilización de Moodle e TV escolar. Necesidades DPC (D1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Nº de mestres que utilizan Moodle e TV escolar					
Valor de partida (3)	20% mestres utilizan Moodle e TV escolar.					
Valor previsto e data (4)	50% mestres utilizan Moodle e TV escolar.			22 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Inscripción nunca liña do PFPP segundo as necesidades atopadas	Dirección Coordinador CFR	- 3 Outubro 2022	- Fprofe - Formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Contacto co CFR para buscar relatores adecuados as necesidades do centro	- Xefatura de estudos	- 9 Xaneiro 2023	- Directorio CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Realizar o PFPP con avaliación final e plan de mellora para o curso próximo	- Claustro	- 22 Xuño 2023	- Relatores CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Colaboración e redes (B)						
1. OBXECTIVO (1):	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3: Colaboracións)				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable Saídas e Act. Complementarias				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida (3)	0 colaboracións					
Valor previsto e data (4)	2 colaboracións			22 Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director da PN sobre "Novas tecnoloxías"	- Responsable Saídas e Act. Complementarias	- 23 Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Contactar con entidades (Cruz Vermella, OIMS, Agalure) para charlas formativas de temas diversos	- Responsable Saídas e Act. Complementarias	- 14 Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Valorar nos claustros a utilidade das charlas e preparar as do vendeiro curso	- Claustro Responsable Saídas e Act. Complementarias	- 22 Xuño 2023	- Convocatoria Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para mellorar o equipamento da infraestrutura Dixital do noso centro sería necesario ter dixitalizadas as 3 Aulas de ESO/Bach que faltan por equipar. O equipamento necesario sería por cada aula: unha pantalla dixital táctil interactiva, un proxector con bombilla led e un equipo de son.

4. Avaliación do plan

O equipo do Plan Dixital terá unha avaliación de seguimento ó finalizar cada trimestre, e terá en conta a porcentaxe de seguimento ou consecución de cada acción, posibles cambios que puidesen afectar ó resultado final e valorar, se houbera, algunha proposta de mellora para este curso e tomar nota dela para o seu estudio na avaliación final.

Propónse unha reunión quincenal do equipo, para seguimento do Plan de Acción e comprobar que as accións a desenrolar son adecuadas, que os responsables de levar a cabo as accións están a realizar o seu labor e comprobarán se os recursos necesarios son os suficientes para lograr o obxectivo.

Cando remate o curso escolar, a partires do 22 de xuño do ano 2023 terá lugar a avaliación final do Plan Dixital no que se valorará o grado de consecución dos obxectivos, estudio das propostas e faremos un plan de mellora para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

As familias serán informadas nas reunións de inicio de curso do Plan Dixital e do seu contido. Na web do centro subiremos un resumen do Plan Dixital e do seu Plan de Acción.